

Feira de Primavera de Emprendedoras

Alimentación e
gastronomía
do Rural



31 de maio
de 10:00 h a 19:00 h

Stands (10:00h a 19:00h)
Mesas Redondas (10:45h a 13:45h)
Showcooking (11:45h a 12:45h)
Sesión Vermú-Gastro (14:00h a 16:00h)

 **Praza da
Mosqueira**

FINANCIA



COLABORA





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Concello de Lugo



Feira de Primavera de Emprendedoras: Alimentación e Gastronomía do Rural

A Feira de Primavera de Emprendedoras celebra este ano a súa cuarta edición, centrada nun dos piares fundamentais do desenvolvemento económico e social do rural galego: a alimentación e a gastronomía.

Este encontro nace coa vontade de **dar visibilidade ao papel das mulleres emprendedoras** que, desde o medio rural, están a crear proxectos sólidos, innovadores e con profundas raíces no territorio. Produtoras de alimentos, elaboradoras de queixos, marmeladas, viños, cervexas artesás, cociñeiras, restauradoras e outras profesionais do sector agroalimentario teñen aquí un espazo para mostrar o seu traballo e establecer sinerxías.

A través de **casetas expositivas, mesas redondas e espazos de diálogo**, analizaremos os retos e oportunidades destas iniciativas, moitas delas de carácter familiar e cun forte compromiso coa sustentabilidade ambiental e social. Estes proxectos non só xeran emprego e riqueza, senón que contribúen de forma decisiva a **frear o despoboamento** e a manter vivo o tecido económico e cultural das comarcas rurais.

Esta feira tamén quere ser un **espazo de colaboración**, onde compartir experiencias, crear redes e impulsar alianzas entre emprendedoras. Moitas destas mulleres apostan por modelos empresariais sostibles, nos que a cooperación, a innovación e o respecto pola tradición conviven nun equilibrio que fortalece o desenvolvemento local.

A implicación das administracións, das universidades e do ecosistema emprendedor é fundamental para **corrixir as desigualdades históricas** e facilitar o camiño ás mulleres que deciden emprender no rural. Xuntas, podemos construír un modelo económico máis xusto, igualitario e centrado na sustentabilidade da vida.

Que é?

Un espazo para dar visibilidade ao talento das mulleres emprendedoras do rural galego nos sectores da **alimentación e gastronomía**.

Quen participa?

Produtoras e elaboradoras de Queixos e marmeladas. Viños e cervexas artesás. Comida preparada, cociñeiras e restauradoras. Alimentos do rural ...e moito máis!



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Concello de Lugo



PROGRAMA

FEIRA DE PRIMAVERA DE EMPREENDEDORAS: ALIMENTACIÓN E GASTRONOMÍA DO RURAL

Data: 31 de maio de 2025.

Lugar: Praza da Mosqueira. Ronda da Muralla.

Horario: 10:00-19:00h.

Obxecto:

Evento de promoción e difusión de empresas lideradas por mulleres no ámbito do rural galego, achegando ao público os produtos e servizos que serán expostos en diversas casetas ocupados polas emprendedoras.

Paralelamente á feira, organizaranse mesas redondas onde, por unha banda emprendedoras de referencia expoñerán a súa experiencia á hora de emprender e con que retos se atopan no camiño e, por outra, as administracións públicas organizadoras e colaboradoras da xornada presentarán iniciativas e liñas de axudas vencelladas ao emprendemento.

Conduce o acto Eva López Barrio. Coordinadora do Programa Woman Emrende da Universidade de Santiago de Compostela.

Xornada de mañá:

Data: 31 de maio de 2025.

Lugar: Praza da Mosqueira. Ronda da Muralla.

Horario: 10:00-19:00h.

- 10:30-10:45h: Inauguración.
 - Miguel Fernández Méndez. Alcalde de Lugo (por confirmar)
 - José Alberto Díaz de Castro. Secretario Xeral de Universidades
 - Verónica Marcos Arrojo. Presidenta da Federación de Mulleres Rurais. FADEMUR
 - María Elvira López Mosquera. Delegada do Reitor para o Campus Terra.
- 10:45-11:30h: Mesa redonda **“Sabores invisibles: A ausencia das mulleres na alta cociña”**.
 - Jacobo Fernández López: Xefe de cociña do Restaurante Bulló.
 - Fátima Olga Otero: Xefa de cociña do Restaurante Paprica.
 - Mar Orosa Pérez: Xefa de cociña do Restaurante O Oviedo.
 - Alejandro Méndez Lázare: Copropietario e xefe de cociña do Restaurante Os Cachivaches.
 - Moderada por: Mar Castro. Experta en Comunicación e marca persoal.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Concello de Lugo



- 11:45-12:45h: Showcooking **“Sabores con conciencia: pan, saúde e innovación dende o rural”**.
 - M^a Ángeles Romero Rodríguez: Catedrática da USC, experta en Tecnoloxía dos Alimentos.
 - Sheila Castiñeira López: Nutricionista e emprendedora. Graduada en Nutrición Humana e Dietética.
 - María José Basanta Núñez: Elaboradora artesanal e promotora de “Laurel y Canela”.
- 13:00-13:45h: Mesa redonda **“Innovación que alimenta: Iniciativas empresariais innovadoras do sector agroalimentario”**.
 - María Veiga Duarte. Fundadora de Queixería Biscato.
 - Iria Barcia Sanjurjo. Fundadora de Mel das Fadas
 - Laura Vallverdú González. Fundadora de Rural o Urbano.
 - Daniel Arza González. Socio Fundador de Caurelor.
 - Moderada por: Noemí Rodríguez. CEO e Co-fundadora de Himikode S.L.
- 14:00-16:00 horas. **Música e vermú. Foodtrucks.** Sesión DJ con KRon.

Horario continuado das casetas expositivas de emprendedoras: **10:00:19:00 horas.**

- **Casetas de emprendedoras:**
 - Galletas Sacrapastas
 - Rural O Urbano
 - Embutidos Valentina
 - Tataraboas
 - As Coruxas
 - Embutidos Suarna
 - Caurelor
 - Mermeladas a Morena
 - Tres Fuciños
 - Ribeiregas
 - Champivil
 - A Horta de Sancoveiga
 - O Espírito da Colmea
 - Lugo Sweets
 - Queixería Bisqato
 - Panadería Seivane
 - Mel das Fadas
 - E máis...